



## **PLAN PROXECTA. ACTIVIDADES INTEGRADAS NO CURRÍCULUM DAS DISTINTAS MATERIAS:**

### **Departamento de Xeografía e Historia:**

Concreción curricular das materias de carácter coeducativo, non sexista, introducindo contidos arredor de figuras femininas relevantes (Nefertiti, Cleopatra, Isabel a Católica, Xoana "a Beltranexa", Xoana I, Isabel Barreto, María Antonieta, Vitoria I de Inglaterra, etc...) en xeral visibilizando o papel das mulleres na historia, fomentando a análise da discriminación subxacente ao feito de que nos libros se lles dea un maior protagonismo aos homes (con maior presenza de imaxes de homes, etc...), evitando visións tóxicas da muller e presentándoa como suxeito activo da historia (muller obreira na Revolución Industrial, papel das mulleres na Revolución Francesa...). E introducíronse as seguintes actividades:

- Na elaboración de materiais onde se traballou historia local, en 1º de ESO, resaltaríase figuras femininas (por exemplo, Milia, princesa británica relacionada coa Ortigueira medieval)
- En Historia do Mundo Contemporáneo, selección, visionado e análise de fragmentos das películas María Antonieta, A viaxe de Arián e Sufraxistas e tratamento do movemento feminista, presentando o alumnado varios traballos relacionados con distintos aspectos do tema.
- Na materia de Xeografía e Historia de 3º de ESO, abordouse a maior incidencia da pobreza no colectivo feminino e tamén se analizou a figura de Artemisia Gentileschi.

### **Departamento de Tecnoloxía:**

Charla sobre a intelixencia artificial a cargo da ex-alumna Marta Trasancos (Comemoración do 11F, Día da Muller e da Nena na Ciencia), co alumnado de TIC I, TIC II e alumnado do bacharelato STEM (1º e 2º BACH)

Exposición de carteis de Mulleres de Ciencia e Tecnoloxía, deseñados polo alumnado do bacharelato STEM

Deseño e construción dun xadrez xigante polo equipo de Girls & STEM do instituto (dentro do Clube de Ciencias e como reto de Polos Creativos), coa implicación de alumnado de 1º ESO Tecnoloxía, do Clube de Ciencias e tamén do dos ciclos de FP de Madeira e Moble

Deseño de parques infantís, en 1º ESO (con realización de maquetas) cun recuncho adicado á igualdade, onde visibilizaron mulleres do seu entorno importantes para eles/as, que formaron parte dunha exposición visitada polo resto da comunidade educativa (incluídas as familias) e polo alumnado e profesorado de 5º e 6º de primaria do veciño CEIP.



Estas actividades foron visibilizadas no apartado correspondente desta web, así como tamén nas redes sociais do departamento de Tecnoloxía.

A continuación presentamos as ligazóns nas que se pode acceder ás reseñas e algúns documentos gráficos sobre as mesmas.

[HTTPS://WWW.INSTAGRAM.COM/TECNOLOGIAORTIGUEIRA/](https://www.instagram.com/tecnologiaortigueira/)

[MARTA TRASANCOS, CHARLA SOBRE INTELIXENCIA ARTIFICIAL](#)

[XADREZ XIGANTE](#)

[PARQUES INFANTÍS](#)

### **Departamento de Matemáticas:**

Visionado e análise grupal da película Figuras Ocultas en 3º ESO

Este departamento tamén colaborou estreitamente nas actividades do Clube de Ciencias co que traballa o profesor da materia que participa no proxecto que nos ocupa, e do bacharelato STEM, relacionadas anteriormente.

En xeral a actividade do equipo Girls & STEM, dentro do clube de ciencias, está moi vinculada cos obxectivos deste plan. Ademáis das actividades descritas anteriormente, relacionadas coa Tecnoloxía, este equipo presentou un proxecto na feira de Ciencias organizada polo centro, á que asistiu alumnado de 5º e 6º de EP.

## Departamento de Francés:

Visionado, en francés, do vídeo "Consent, it's simple as tea" de Rachel Brian, estimulando ao alumnado para analizar o seu contido, de cara á prevención da violencia sexual, elaborando posteriormente un póster para a aula onde o alumnado recolleu as súas conclusións/reflexións sobre o tema.

*"Foi unha actividade grupal moi gratificante".*



## Departamento de Música:

En colaboración coa orientadora, analizouse, con alumnado de 3º de ESO, na clase de música, a influencia dos mitos do amor romántico e os estereotipos de xénero sobre as cancións e os vídeos musicais.

Ademáis, o [coro do instituto](#) preparou e interpretou na festa de fin de curso unha composición poética creada polo profesor, dentro do proxecto interdisciplinar que describimos a continuación.

## Proxecto interdisciplinar do Departamento de Lingua Castelá en colaboración cos departamentos de Lingua Galega, Educación Plástica, Visual e Audiovisual, Orientación e cos Equipos de Biblioteca e Dinamización da Lingua Galega:

Dende o departamento de Lingua Castelá organizouse e dirixiuse o proxecto ORTIGUEIRA EN PIÉ POR LA IGUALDAD. O núcleo central deste proxecto foi a realización por parte dunha das profesoras de lingua castelá, escritora, co alumnado de ESO e bacharelato de obradoiros de poesía e ilustración, arredor da composición poética chamada "haikiño ilustrado", de creación propia, previa intervención nas sesións de tutoría, no caso dos grupos de ESO, por parte da orientadora, en colaboración co profesorado titor, para abordar os contidos relacionados coa igualdade e a prevención da violencia de xénero (incidinco en distintos aspectos e utilizando actividades seleccionadas en función das distintas idades/experiencias; por exemplo:

Visionado da curtametraxe "Un soño Imposible" en 1o, vídeos sobre a socialización diferencial dos xéneros en 2o, curtametraxes creados por Rachel Brian para a prevención de agresións sexuais en 4º de ESO. Toda a comunidade educativa foi convidada a participar, elaborando "haikiños ilustrados". A participación foi masiva e con todas as producións editouse un libro e realizouse unha exposición no centro. Ademáis, alumnado e profesorado do centro deron lectura a moitas das composicións no acto organizado polo

concello o 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, así como en actividades arredor do día do libro ou a conmemoración das Letras Galegas. Durante a celebración da festa de fin de curso entregáronse premios aos mellores traballos, e o coro do instituto interpretou en primicia un "haikiño" creado e musicado polo profesor de música.



Nesa festa incluíuse tamén un concerto a cargo dos artistas ESE RAS e Andrea ELLE, presentando a canción "Ahora Escapa", sobre o acoso e a violencia de xénero.

### **Intervención interdisciplinar cos ciclos básico e medio de FP de Carpintería e Moble:**

O profesorado de FP recabou datos sobre a evolución da presenza feminina nas diferentes familias profesionais da FP, incidindo especialmente na de Madeira e Moble. A orientadora realizou unha sesión grupal co alumnado de FP Básica e 1º curso do Ciclo Medio, na que se abordaron as implicacións da socialización diferencial por xéneros sobre a escolla de itinerarios formativos e profesionais. Posteriormente o alumnado participou nunha charla-coloquio na que un dos profesores expuxo ao alumnado os mencionados datos recollidos sobre a evolución da presenza feminina, dando paso despois á exposición por parte da ex-alumna do centro "Gabriela Cabral" da súa experiencia persoal e profesional como muller que se formou e traballou neste ámbito, nomeadamente a súa experiencia como participante do instituto na competición Galicia Skills.

"Ambas actividades tiveron unha moi boa acollida por parte do alumnado, xerando un interesante debate coa ponente, a quen nos gustaría agradecer a súa encomiable e desinteresada participación nesta actividade".

### **OBRADOIROS E OUTRAS ACCIÓNS FORMATIVAS IMPLEMENTADAS NO CENTRO POR PARTE DE ENTIDADES EXTERNAS :**

- Obra de teatro GOLPES (Ofertada polo Plan Proxecta) todo o alumnado do centro asistiu á representación, que se levou a cabo no histórico teatro do concello: Teatro de Beneficencia"
- Charla sobre "Tratamento da Violencia de Xénero na publicidade e nos medios audiovisuais" (Ofertada polo Plan Proxecta): alumnado de 4o e 2o de FP Básica
- Charla sobre "Novas Masculinidades" (Ofertada polo Concello de Ortigueira): alumnado de 4o ESO e FP Básica (1o e 2o)

- Proxecto "Xénero Educa" (Ofertado polo Concello de Ortigueira): presentación a alumnado de 4º e familias do traballo realizado polo alumnado o curso pasado (produto final: creación de cómics sobre violencia de xénero)
- Charla sobre a violencia de xénero e as relacións de parella, a cargo de Angélica Mercado (Ofertada polo Plan Proxecta): 4º ESO
- Instalación no centro da exposición "Á violencia de xénero dille NON"